



■ Manifiesto conxunto de Comisións Obreiras e UGT de Galicia para o 1.º de Maio de 2011

# EMPREGO CON DEREITOS, CONTRA OS RECORTES SOCAIS



**Manifestación  
central de Galicia,  
en Vigo ás 12 horas,  
con saída da Vía  
Norte con Urzáiz**

**A saída á crise non  
a poden dar os  
mesmos que nos  
conduciron a ela**

Este Primeiro de Maio celebramos o Día Internacional do Traballo inmersos nun contexto de continuas tensións financeiras, económicas e políticas que provocan, nos países máis vulnerables, maior destrución de emprego, diminución das rendas salariais, deterioración das condicións de traballo e recortes significativos nas prestacións sociais e os servizos públicos, aos que hai que facer fronte coa mobilización social, reclamando outras políticas máis equitativas e equilibradas na repartición dos axustes.

Doutra banda, o levantamento da poboación contra gobernos ditatoriais e corruptos en moitos países árabes provocou xa a caída destes réximes en Tunisia e Exipto, abrindo as portas a un proceso de democratización das institucións e de confianza nun futuro de maior xustiza social. Mentres, en Libia vívese unha situación de guerra civil e a represión brutal é a resposta dos gobernos noutros países da zona.

A crecente mobilización popular en demanda de democracia e xustiza social nas sociedades árabes convulsionou todas as institucións internacionais e puxo en evidencia as políticas de alianzas e intereses económicos que os gobernos de países con sistemas políticos democráticos manteñen con réximes ditatoriais, o que dificultou a toma de posicións e iniciativas para condenar e deter as matanzas e abusos contra a poboación civil.

2

CCOO e UGT sumámonos á Confederación Sindical Internacional (CSI) en prol das lexítimas aspiracións dos pobos que reclaman democracia e xustiza social. Ambos os sindicatos esixímoslles ao Goberno de España, á Unión Europea e ás institucións internacionais un claro apoio ás peticións dos movementos populares, á promoción das liberdades e ao cesamento inmediato dos massacres da poboación civil e da represión de manifestacións, especialmente en Libia, Siria, o Iemen e Bahrain. Expresamos o compromiso na defensa dos dereitos humanos e a máis firme solidariedade cos pobos do Sáhara Occidental e de Palestina, e esiximos á comunidade internacional o cumprimento das resolucións da ONU e ao dereito internacional que poña fin ao padecemento de décadas, promovendo unha solución xusta e dura-deira.

A traxedia que vive o Xapón, con decenas de miles de persoas mortas ou desaparecidas, e millóns de afectados



polo terremoto e posterior tsunami que arrasou unha ampla rexión do país, tomou proporcións aínda máis dramáticas polo estado en que quedou a central nuclear de Fukushima, a evidencia de fugas radioactivas e a posibilidade dun gran desastre nuclear. Á traxedia humana engádense as repercusións na economía xaponesa e, colateralmente, noutros moitos países vinculados industrial e comercialmente a ela. Neste sentido, habería que intensificar o control e as medidas de seguridade das instalacións para evitar situacións como as descritas.

### **Pola Europa social e os dereitos dos traballadores e as traballadoras**

UGT e CCOO rexeitamos as políticas económicas e sociais que están a adoptar os gobernos da UE, en concreto o chamado Pacto polo Euro e o Plan de Gobernanza. Mentres se omiten as medidas que impulsarían o crecemento económico e a creación de emprego, séguese apostando por novos axustes orzamentarios e a presión á baixa dos salarios. Todo iso, con 23 millóns de parados na UE e 4,7 en España en 2010, resulta inxustificable. As insti-

tucións da UE só apostan pola mellora da competitividade, e abandonan o progreso social ao propugnaren a redución dos salarios e os dereitos laborais, as prestacións sociais e os servizos públicos. O Pacto do Euro chama os gobernos nacionais a interviren para debilitar a negociación colectiva e asestar un duro golpe á autonomía dos interlocutores sociais.

Para CCOO e UGT —como para o sindicalismo democrático europeo e a Confederación Europea de Sindicatos—, como expresamos na gran manifestación en Budapest, non son aceptables os recortes sociais nin as políticas de axuste e defendemos unha Europa social con salarios e empregos dignos.

### **Gobernar Europa é reforzar o modelo social**

UGT e CCOO pensamos que cómpre cambiar as políticas da UE. A saída á crise non a poden dar os mesmos que nos conduciron a ela. Para acabar co paro e a precariedade no emprego, eliminar a pobreza e a desigualdade social necesítase un Goberno da UE que dirixa a economía desde a política, que impulse políticas de investimento, que



promova a creación de emprego con plans de choque contra o paro xuvenil e a discriminación laboral, que preserve e mellore os sistemas públicos de protección social, que coordine as políticas económicas coas reformas fiscais necesarias e governe os mercados da débeda.

CCOO e UGT opoñémonos á aplicación dogmática do Plan de Estabilidade e Crecemento que propugnan as instancias da UE, porque levaría a unha diminución insoportable do déficit público das economías europeas no horizonte de 2013, cun alto custo social e graves impactos sobre os sistemas públicos de protección social, que definen o Estado de benestar e o modelo social europeo.

### **España: o primeiro obxectivo, crear emprego**

As condicións da economía española (elevada taxa de desemprego, menor gasto público, bloqueo do sistema crediticio e descontrol de prezos) configuran un panorama moi grave e con moitos atrancos para a creación de emprego estable e con dereitos, o principal reto e obxectivo sindical.

O paro non deixa de aumentar, a reforma laboral segue sen dar resultados positivos na contratación e empeoran as condicións de traballo de miles e miles de traballadores e traballadoras.

A reforma laboral foi elemento clave para a convocatoria da folga xeral do 29 de setembro de 2010, e segue sendo obxecto de contestación prioritaria do movemento sindical.

UGT e CCOO non aceptamos que se institucionalice a maior agresión aos dereitos laborais desde a instauración da democracia. Por iso promovemos a iniciativa legislativa popular «Polo emprego estable e con dereitos», de mobilización e proposta, que expresa o rexeitamento profundo da maioría da sociedade, e para que o Parlamento teña a oportunidade de reverter os elementos negativos que esta reforma está a ter no emprego.

A mobilización sindical e o éxito da folga xeral foron determinantes para equilibrar a relación de forzas entre o Goberno e os traballadores/as: abriuse un novo escenario máis favorable á negociación, co que non se contaba cando o Goberno e a maioría dos grupos do Parlamento impuxeron a reforma coa aprobación da Lei 35/2010.

O Acordo Social e Económico asinado o 2 de febreiro fortaleceu e fixo máis solvente o sistema público de protección social, impulsa as políticas de emprego e formación e recupera a axuda económica aos parados/as que deixen de percibir; avanza sobre políticas industriais, enerxéticas, I+D+i, así como na recuperación do diálogo social nas Administracións públicas.

O Acordo conseguiu modificar de maneira substancial as propostas de recorte de prestacións que o Goberno decidira impor e reforzou o protagonismo dos sindicatos no goberno das pensións e a garantía futura dun sistema de pensións público e de repartición — fronte aos que querían substituílo por

un «mixto» con capitalización obrigatoria— e establece un modelo de xubilación flexible ante a pretendida idade única de xubilación aos 67 anos.

CCOO e UGT rexeitamos as políticas económicas e sociais do Goberno, baseadas en recortes salariais, conxelación das pensións e redución do investimento produtivo. Seguimos esixindo a creación de emprego, a protección das persoas, a reactivación da economía, o cambio do patrón de crecemento e a consolidación do sistema de protección social. Para todo iso é necesaria unha reforma fiscal equitativa, progresiva e redistributiva que garanta a suficiencia de ingresos.

Ambos os sindicatos estamos a negociar a reforma da negociación colectiva co fin de promover a súa mellor estrutura, vertebración e articulación e unha maior implicación dos sindicatos na xestión da flexibilidade interna. Unha reforma que permitiría aumentar a cobertura ao conxunto dos traballadores e traballadoras, fortalecer as relacións colectivas de traballo ante os intentos de individualización, protexer as condicións de traballo e desxudicializar a negociación dos convenios e acordos de empresa.

UGT e CCOO, ante os ataques aos salarios dos traballadores e traballadoras, defendemos o modelo salarial que vimos acordando nos sucesivos Acordos Interconfederais de Negociación Colectiva (ANC) e no vixente Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (2010-2012), que garanten o poder adquisitivo dos salarios ante a evolución dos prezos e a repartición negociada da produtividade. Por iso esiximos o cumprimento dos compromisos pactados e demandamos a CEOE-CEPYME que apliquen os convenios pendentes de anos anteriores, máxime despois das sentenzas do Tribunal Supremo que dan a razón a traballadores/as e sindicatos.

**O sistema financeiro, ao servizo da sociedade española**

Durante este período foron moitos os recursos e actuacións dirixidas a fortalecer o sistema financeiro español, polo que nesta data tan sinalada do Primeiro de Maio, esiximos que as institucións financeiras correspondan poñéndose ao servizo da sociedade española.

Fronte ao mercado sen regras, afirmamos o valor fundamental do traballo en todas as políticas públicas e privadas. En contraposición ao abuso na procura do máximo beneficio e enriquecemento duns poucos, defendemos o principio de que a economía debe estar ao servizo das persoas. En contestación a quen outorga toda a súa confianza ao mercado, dicimos que cómpre máis e mellor Estado.

Denunciamos a grave responsabilidade das institucións do sistema financeiro e dos organismos de control e regulación na xeración da crise económica, á vez que rexeitamos a bancarización das caixas de aforro e reafirmamos a súa natureza xurídica de forma compatible cunha xestión profesional. Neste sentido, esiximos que todas as actuacións e axudas do Estado ao sistema financeiro español estean condicionadas a que este dote de liquidez as familias, os traballadores e traballadoras autónomos e as empresas.

CCOO e UGT reclamamos que a saída da crise se traduza nun modelo de crecemento sustentable, sostido e duradeiro, baseado na formación, a innovación e a industria; con creación de emprego estable e con dereitos; con protección ás persoas desempregadas; con igualdade entre mulleres e homes, entre persoas inmigrantes e autóctonas; con garantías na seguridade e saúde no traballo; cunhas condicións de vida dignas nas que as pensións, a educación, a sanidade ou a atención ás persoas dependentes sexan dereitos consolidados.

**CADRO DE MANIFESTACIÓNS**

- **Vigo, acto central de Galicia.** Saída ás 12 horas do cruzamento da Vía Norte con Urzáiz. Unitaria.
- A Coruña. Saída ás 12 horas da Praza da Palloza. Unitaria.
- Ferrol. Saída ás 12 horas da Praza do Inferniño. Unitaria.
- Santiago de Compostela. Concentración ás 12 horas na Praza das Praterías. Unitaria.
- Lugo. Saída ás 12 horas do edificio sindical. Unitaria.
- Viveiro. Saída ás 12:30 horas do edificio sindical. Unitaria.
- Ourense. Saída ás 12:30 do Pavillón dos Remedios. Unitaria.
- Pontevedra. Saída ás 12 horas da Praza da Ferrería. Só CCOO.
- Vilagarcía de Arousa. Saída ás 11 horas da Praza da Ravella. Unitaria.

**ILP EMPREGO ESTABLE E CON DEREITOS**



**LEVA A TÚA SINATURA AO CONGRESO**  
**eu asino!!**

En demanda destas e outras reivindicacións, o movemento sindical en España e no mundo mobilizarase o Primeiro de Maio, consciente de que a paz, a liberdade, a xustiza e a solidariedade recuperan toda a súa vixencia en tempos de globalización e crise económica.

**POLO EMPREGO CON DEREITOS**

**POR UNHA REFORMA FISCAL PROGRESIVA E REDISTRIBUTIVA**

**POLA REFORMA DO SISTEMA FINANCEIRO**

**POLA SOLIDARIEDADE CON TODOS OS POBOS DO MUNDO, ESPECIALMENTE COS QUE SOFREN GOBERNOS DITATORIAIS, CONFLITOS ARMADOS, FAME E POBREZA.**